

O TSXG reforzará o xulgado de Vigo para facer fronte á causa da "Operación Patos"

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 18 Outubro 2015 11:25



A Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ve "necesario" o reforzo no xulgado a cargo da causa pola 'Operación Patos', o Xulgado de Instrución número sete de Vigo, e comunicou que "en canto haxa un xuíz dispoñible, será destinado a este xulgado".

Así o comunicaron fontes do TSXG despois de que a Sala reuniuse este venres para considerar a petición da xuíza que leva a causa desta operación, que investiga os supostos delitos de prevaricación e tráfico de influencias na adxudicación de contratos e obras públicas en varios municipios e administracións.

Desta forma, a Sala trasladou que reforzará este xulgado "en canto haxa un xuíz de adscripción territorial dispoñible", o que nestes momentos non é posible xa que, sinalou, "non hai ningún na provincia de Pontevedra do que se poida prescindir de maneira inmediata".

A maxistrada María del Carmen García Campos chamou a declarar ao longo dos próximos meses a 50 persoas imputadas na instrución da 'Operación Patos', 34 deles no marco da peza principal e outros 16 na peza separada de Nigrán.

Entre estas persoas atópanse o responsable da construtora Eiriña, o alcalde de Vigo Abel

O TSXG reforzará o xulgado de Vigo para facer fronte á causa da "Operación Patos"

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 18 Outubro 2015 11:25

Caballero, os concelleiros David Regades, Isaura Abelairas e Anxo Rivas, a exdelegada da Xunta en Vigo María José Bravo Bosch, o expresidente da Deputación Rafael Louzán, o exvicepresidente e presidente do PP en Vigo, José Manuel Figueroa, e os exconconcelleiros de Nigrán José Luís Álvarez e Vicente Costas Pumar.